



Dirección académica

Sonia Rodríguez-Campos

Luis Míguez Macho

Xoves, 18 de setembro

16:30

Entrega de documentación.

16:45

Inauguración.

17:00

Juan José Lavilla Rubira, letrado das Cortes Xerais.

A adaptación do Dereito español da contratación pública ás directivas europeas: balance e perspectivas.

18:00-18:15 Pausa café.

18:30-19:30

Isabel Torralba Mena, xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario da Asesoría Xurídica Xeral.

Desafíos das CC.AA. ante o novo marco europeo de contratación pública.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.

Venres, 19 de setembro

9:00-10:15

Juan José Pardo García-Valdecasas, presidente do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

O proceso de mellora permanente na contratación pública: experiencia do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ante as novas directivas de contratación.

10:15-11:30

José María Gimeno Feliu, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Zaragoza.

As novas directivas europeas de contratación pública e a Estratexia Europa 2020: orientacións da Comisión Europea en liña co mercado interior.

11:30-12:00 Pausa café

12:00-13:15

Santiago González-Varas Ibáñez, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Alicante.

A transposición das directivas 2014/23, 2014/24 y 2014/25: análise comparada no ámbito europeo e internacional.

13:15-14:30

Martín María Razquin Lizarraga, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Pública de Navarra.

Transposición das novas directivas de contratación pública: similitudes e diferenzas respecto do marco vixente en España.

Clausura.

Obxectivos

A UE publicou hai escasos meses as novas Directivas de contratación pública, que van provocar a imprescindible reforma da lexislación española na materia, incluída a que atinxe ás concesións. Por outra banda, o coñecemento destas Directivas é recomendable para tódolos actores da contratación pública, por mor dos condicionantes que introducirán na cofinanciación europea de obras e servizos durante o período 2014-2020, extensible ata 2023. O deseño de alternativas para investir axeitadamente os Fondos da UE require pois coñecer de antemán a normativa que ha ser esixible cando haxa que executar os proxectos previstos nos correspondentes programas en preparación.

Estas xornadas permitirán daquela unha inicial aproximación a esta nova realidade xurídica, da man de especialistas de alto nivel, sendo das primeiras actividades formativas que se celebran en España nesta área. Trátase, xa que logo, dunha excepcional oportunidade para os empregados públicos que traballen neste eido, dado que tamén poderán contrastar as súas experiencias prácticas nos debates que se abrirán cos relatores logo das súas presentacións.

Destinatarios

Os destinatarios destas xornadas son fundamentalmente asesores xurídicos e interventores, persoal de servizos públicos de contratación, xestores de Fondos da UE, contratistas e potenciais contratistas, así como persoas interesadas no campo da contratación pública e interesados en xeral.

Secretaría: Manuel Blanco González.

Convocatoria

DOG núm. 141, do 28 de xullo de 2014.

Información e matrícula

Tel.: 981 546 239 - 981 546 241.

<http://egap.xunta.es/>

novas.egap@xunta.es



galicia

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Xornadas

“As novas directivas de contratación pública e a súa transposición”

Santiago de Compostela, 18 e 19 de setembro de 2014

